

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA **COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

Antecedentes:

En data 23.02.2017 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 85/2017 os Pregos de condicións que rexen a contratación por procedemento negociado sen publicidade, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación da obra “*Mellora na pavimentación dos núcleos rurais de Ponte Caldelas*”

Vistas as notificacións remitidas ás empresas designadas no decreto de convocatoria.

Dado que nos Pregos, na cláusula 11 establécese a composición da Mesa de contratación.

Vista a cláusula 13 que establece “*A mesa de contratación constituirase despois da finalización do prazo de presentación das proposicións, sendo fixada a data no momento de nomeamento dos seus membros; e esta procederá á apertura dos sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida neles, coa publicación no taboleiro cunha antelación mínima de 48 horas.*”

Abertos os sobres «A», a Mesa declarará admitidos inicialmente aos licitadores que teñan presentados correctamente a declaración responsable incluída como Anexo I, a salvo de que nun momento posterior pódaselles solicitar acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ao procedemento, e de non reunilos excluíráselle da mesma.

Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre «A», ou que do seu contido puidérase deducir que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente documento, comunicaralle aos interesados por sede electrónica esta circunstancia, concedéndoselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou emenden. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.

A continuación procederase, en acto público, á apertura do sobre «B». Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RGLCAP.

A Mesa procederá á valoración do sobre «B». A estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil do contratante.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.”

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e que no artigo 14 na Lei 30/92 establece “*Avogación. 1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación ós seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente*” e á vista do exposto e das competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro: Avogar puntualmente a competencia delegada por Resolución de Alcaldía nº 228/2015 na Xunta de Goberno Local en data 15.06.15.

Segundo: A composición da Mesa de contratación queda como segue:

- Presidente: O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral, ou persoa en quen delegue.
- Secretaria do Concello: A Sra. Secretaria, D^a M^a Beatriz del Cerro del Río, funcionario que legalmente a substitúa.
- Interventora municipal: A interventora accidental, D^a Elvira Crespo Casal.

- D. José Manuel Martínez Iglesias, concelleiro da corporación.
- D. Manuel Xesús Muíños Rodríguez, concelleiro da corporación.
- D. Ricardo Manuel Castro Martínez, concelleiro da corporación.
- Secretaria: D^a Celia Rodríguez Adán, funcionaria da corporación

Terceiro: A Mesa de contratación procederá, en sesión pública, á cualificación previa da documentación xeral do sobre A, o día 7.04.2017 ás 11.15 horas na Casa do Concello.

O Alcalde,
Asdo.: Andrés Díaz Sobral
Documento asinado electronicamente ao marxe